



## RESOLUCIÓN

**Asunto.- Convocatoria de subvencións a asociacións de nais e pais dos centros de ensino públicos e das escolas artísticas municipais do Concello de Oleiros para a realización de actividades no ano 2025.**

**Expediente.- 2025/EGFAB/000103**

I.- En data 24/07/2025 foi ditada Providencia pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, na que se ordea a incoación do procedemento de *Convocatoria de subvencións a asociacións de nais e pais dos centros de ensino públicos e das escolas artísticas municipais do Concello de Oleiros para a realización de actividades no ano 2025*, determinando certos aspectos, como criterios de valoración, conceptos a subvencionar, designación do órgano instrutor, composición da Comisión de Valoración e outros.

II.- O 29/07/2025 formúlase proposta de convocatoria de subvencións pola Responsable da Unidade Xurídica.

III.- A proposta foi informada favorablemente pola Intervención Municipal en data 06.08.2025.

Á vista do exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar un gasto de 58.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 82.3260.48905 (*Ensino.Serv.complem. Transf.ctes.APAS e colexios*), para facer fronte á *“Convocatoria de subvencións a asociación de nais e pais dos centros de ensino públicos e das escolas artísticas municipais do Concello de Oleiros para a realización de actividades no ano 2025”*.

**Segundo.-** Aprobar a Convocatoria de subvencións que consta como Anexo a esta resolución, e dos formularios correspondentes, que se incorporan á mesma.

**Terceiro.-** Unha vez que estea aprobada a convocatoria, que se proceda á publicación da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de datos Nacional de Subvencións.

*En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude e a Secretaria accidental, que dá fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).*





## ANEXO.- BASES DA CONVOCATORIA

### CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS E DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS, DO CONCELLO DE OLEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2025.

#### **1. Obxecto e finalidade da convocatoria.**

1.1. Convócase a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Oleiros ás asociacións de nais e pais dos centros de ensino públicos e das escolas artísticas municipais do Concello, ao abeiro da *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 18 de xaneiro de 2021.*

1.2. O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades educativas, coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio, contribuír á conciliación da vida familiar e promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega.

1.3. O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.

#### **2. Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria**

2.1. A concesión das subvencións imputarase á aplicación 82.3260.48905 (Ensino.Serv.complem. Transf.ctes.ANPAS e colexios ) ata o límite de.- 58.000 euros.

2.2. Con carácter xeral, a contía das subvencións que se concedan non excederá de 20.000 euros por cada entidade beneficiaria.

2.3. As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

2.4. Unha vez que sexan concedidas as subvencións e despois de comprobar que na aplicación sinalada non se ten agotada a cantidade máxima orzamentada, se fose necesario para atender a todas as solicitudes, poderase variar o importe máximo, traspasando fondos entre as aplicacións, e tramitando a correspondente modificación orzamentaria de transferencia de crédito se fose necesario. O órgano concedente poderá ordear a estes efectos a liberación dos saldos restantes nas aplicacións que corresponda.

2.5. O importe máximo desta subvención, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





### 3. Requisitos.

3.1. Poderán ser beneficiarias das subvencións ao abeiro das presentes bases as ANPAS dos Centros de Ensino Público de 2º ciclo de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de Oleiros e as asociacións de nais e pais das escolas artísticas municipais (EMMO e CEMAE) que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2024.
- c) Ter un número mínimo de trinta e cinco socios.
- d) Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.
- e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- f) Ter domicilio social e fiscal en Oleiros.
- g) Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.
- h) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.
- i) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da *Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia*.

3.2. A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos g) e h) será subsanable antes da concesión, previo requirimento ao efecto.

### 4. Solicitudes

4.1. Lugar e prazo de presentación.- As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica nos modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes será dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ata o **15 de setembro de 2025**

4.2. Documentación.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF da entidade e DNI do/da representante.
- b) Modelo 1.- Solicitud de subvención
- c) Modelo 2.- Certificación da representación
- d) Modelo 3.- Proxecto de actividades
- e) Memoria explicativa das actividades levadas a cabo pola entidade no ano anterior ao da presentación da solicitude de subvención. Neste memoria, ademais da súa descrición, deberá detallarse o número de persoas que efectivamente participaron en cada unha das actividades realizadas.
- f) Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.
- g) Documentación xustificativa da utilización do galego na publicidade e nas relacións cos usuarios/as -no seu caso-.

Os documentos sinalados nos apartados a) e f) non terán que presentalos as entidades que xa





achegaran estes documentos por ter solicitado subvención no ano anterior, sempre que non houberse variación ningunha nos datos, agás que se lle solicite expresamente polo órgano instrutor.

Todos os formularios (anexos) que se adxunten, deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

4.3. Autorizacións.- A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano instrutor para realizar de oficio as consultas de se a entidade se atopa ao día nas obrigas tributarias coa AEAT e co Concello de Oleiros, así como coa Seguridade Social. En caso de que non se desexe dar esa autorización, deberá sinalarse expresamente, e aportar os correspondentes certificados.

A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

4.4. Emenda.- Se a solicitude non reúne toda a documentación necesaria, o órgano competente requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada

## 5. Concesión.

5.1. Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas pola Comisión de Valoración, que poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións. A comisión emitirá un informe detallado da valoración que remitirá ao órgano instrutor.

5.2. A Comisión de valoración terá a composición seguinte:

- Presidenta: A Concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude  
Suplente:
  - A Concelleira delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica
- Vocais:
  - O pedagogo municipal.
  - O coordinador de actividades educativas.
- Secretaria: Unha traballadora da Unidade Xurídica.

*O quorum* necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten a presidente e a secretaria.

5.3. Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que presentará ao órgano competente para a súa aprobación.





- 5.4. Será órgano instructor o/a traballador/a municipal responsable do servizo correspondente.
- 5.5. As subvencións serán concedidas por acordo da Sétima Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude.
- 5.6. A concesión de subvencións á que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.
- 5.7. O acordo deberá adoptarse no prazo de seis meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.
- 5.8. A concesión será publicada no Taboleiros de Edictos da Sede electrónica municipal.
- 5.9. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.
- 5.10. A contía a conceder será un importe certo, entendéndose que queda de conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente polo importe que exceda do custo total da devandita actividade. (RLXS, artigo 32.2)

## 6. Gastos subvencionables:

- 6.1. Poderán ser subvencionadas as actividades e gastos correntes que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025
- 6.2. Poderán ser subvencionadas as seguintes actividades ou gastos: Actividades extraescolares, actividades formativas complementarias, viaxes culturais, festas conmemorativas e eventos de carácter socio-cultural, actuacións encamiñadas a complementar ou apoiar o desenvolvemento das actividades devanditas, así como uniformidades para o alumnado das escolas artísticas municipais e contratación de traballos fotográficos realizada polas Anpas destas escolas.
- 6.3. Serán gastos xustificables os seguintes:
- Gastos de persoal para a dirección, coordinación e monitorado das actividades.
  - Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
  - Material didáctico.
  - Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades (palcos, carpas, tarimas, amplificación, etc).
  - Contratación de artistas.
  - Gastos de publicidade.
  - Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
  - Transportes.
  - Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.
  - Gastos de asesoría fiscal, laboral, de prevención de riscos laborais e de protección de datos.





- Mantemento de páxinas web.
- Contratación de traballos en vídeo e fotográficos realizada polas Anpas das escolas artísticas municipais.
- Uniformidades para o alumnado das escolas artísticas municipais para asistencia a eventos, certames, concursos e similares.

- 6.4. Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables ao abeiro desta convocatoria:
- os derivados da organización de xantares e eventos gastronómicos, agás os produtos que se adquiran para celebracións dirixidas ao alumnado (Nadal, Samaín, fin de curso, etc).
  - gastos de subministros xerais: luz, auga, teléfono, combustible de calefaccións, liñas de internet e outros asimilables
  - adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo
  - gastos de mantemento dos locais, así como os de limpeza, ou outros asimilables.
  - gastos de actividades que teñan carácter discriminatorio de calquera tipo.
  - Calquera outro gasto corrente relativo a mantemento de elementos mobles ou inmoables, sexan ou non propiedade da entidade beneficiaria.

## 7. Criterios de valoración:

Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

- I. Pola realización de actividades de carácter permanente (ao longo do curso): Máximo de 30 puntos. Outorgaranse 2,5 puntos por cada actividade.

Non se computarán actividades que teñan menos de 10 participantes de media mensual.

- II. Por actividades de carácter non permanente (actividades periódicas ou puntuais): Máximo de 5 puntos. Outorgarase 1 punto por cada actividade aberta a todo o alumnado e 0,5 puntos por cada actividade dirixida exclusivamente aos socios.

- III. Polo alumnado participante no conxunto das actividades de carácter permanente: 30 puntos.

- Ata 50 alumnos/as: 6 puntos
- De 51 a 100: 12 puntos
- De 101 a 150: 18 puntos
- De 151 a 200: 24 puntos
- Máis de 200 alumnos/as: 30 puntos

- IV. Calidade do proxecto.- 15 puntos

- a) Pola repercusión das actividades na comunidade, implicación de membros de toda a comunidade educativa, doutras entidades, asociacións ou outros centros: 1 punto por actividade ata un máximo de 5 puntos
- b) Pola inclusión no proxecto de actividades innovadoras ou que promovan a sostibilidade ambiental: 0,5 puntos por actividade ata un máximo de 2 puntos
- c) Por actividades de promoción da cultura galega ou de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural de Galicia: 1 punto por actividade ata un máximo de 4 puntos
- d) Por actividades de integración do alumnado con diversidade funcional ou con necesidades educativas especiais: 0,5 puntos por actividade ata un máximo de 2 puntos





e) Por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido : 0,5 puntos por actividade ata un máximo de 2 puntos

V. Utilización do galego.- 10 puntos.

- Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente, e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite.

VI. Financiamento da actividade.- 10 puntos

- Valorarase o nivel de autofinanciamento do programa ou actividade.

**8. Obrigas do beneficiario.** Ademais das obrigas que se detallan no artigo 10 da Ordenanza, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao seguinte:

8.1. Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen ao Concello a súa renuncia no prazo máximo de dez días a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.

8.2. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

8.3. Facer constar na totalidade da publicidade que realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros:

- a) En todo caso, nos carteis, páxinas web ou outros medios que se utilicen, deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Oleiros xunto co anagrama deste e ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada polo Concello de Oleiros". Así mesmo as entidades que teñan páxina web deberán publicitar na mesma a concesión da subvención e o seu importe no momento que o coñezan.
- b) En caso de que non se fixese publicidade impresa, nin se utilicen medios informáticos para publicitar as actividades, deberá fixarse no local social, por un período mínimo dun mes, un anuncio onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe. O xeito de acreditar o cumprimento da obriga, neste caso, será mediante unha certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do presidente, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.

8.4. Os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

8.5. Deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.

8.6. O beneficiario poderá subcontratar total ou parcialmente con terceiros a actividade subvencionada, tendo en conta as seguintes limitacións:





- a) De acordo co previsto no artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000 euros, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega dos bens, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
- b) As ofertas solicitadas deberan corresponder a empresas u entidades debidamente capacitadas para prestar o servizo e serán documentos dos que se poida acreditar a autenticidade.
- c) Nos orzamentos que se presenten, deben constar claramente os datos suficientes para determinar o prezo do contrato, de xeito que a propia Administración poida, se o considera oportuno, contrastar ditos prezos polos seus propios medios.
- d) A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- e) No caso de que a Entidade concerte a execución total ou parcial das actividades con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deberá solicitar previamente autorización expresa ao órgano concedente.

## 9. Xustificación.

9.1. O prazo para a presentación da xustificación rematará o 30 de xaneiro de 2026.

9.2. As xustificacións deben presentarse a través da Sede Electrónica.

9.3. Todos os formularios que se adxunten, deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

9.4. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

9.5. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

9.6. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das demais condicións da subvención, outorgarase á entidade beneficiaria un prazo dun mes para regularizar dita situación; en caso de que non o faga, non se lle aboará o importe retido como garantía.

9.7. Documentos que deberán aportarse á conta xustificativa:

- a) Modelo 4.1- Xustificación-Memoria. Abrangue:
  - Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación como mínimo dos seguintes datos: enumeración e descrición das actividades realizadas, datas, número de





participantes, valoración da execución de cada unha delas.

- Declaración de cumprimento de fins
- b) Modelo 4.2- Xustificación-certificación de ingresos  
Declaración de ingresos. Relación detallada de todas as subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, ou declaración responsable de non ter obtido ningunha, se é o caso. Se as subvencións solicitadas estivesen pendentes de resolución no momento de presentación da xustificación ante o Concello, as entidades deberán achegar dito dato no intre en que o coñezan, aínda que sexa posterior a dita xustificación. Asemade, deberán declararse os ingresos que xere a propia actividade subvencionada ou outros ingresos afectados á mesma. Deberán declararse necesariamente as cotas que aboan os participantes nas actividades, tanto se é un pago periódico coma un pago único.
- c) Modelo 4.3.- Xustificación-Certificación de gastos e acreditación da publicidade. Deberá aportarse a documentación oportuna acreditativa de que as actividades subvencionadas foron publicitadas de acordo co disposto nesta convocatoria.
- d) Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.

As retribucións a persoal técnico e dos/as monitores/as que teñan relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas.

Os gastos correspondentes a voluntariado, conferenciantes ou monitores/as que colaboren coa entidade impartindo algunha actividade, curso, etc, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta. Só se admitirán cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE, no seu caso.

No suposto de que a subvención se xustifique con gastos de persoal, a entidade subvencionada deberá ter no seu poder a autorización de cada traballador/a, para a cesión ao Concello de Oleiros dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo. En calquera momento o Concello poderá requirir á entidade a acreditación deste extremo.

9.8. Todos os documentos descritos deberán ter data do ano 2025 e deberán cumprir os requisitos esixidos pola normativa reguladora do I.V.E., o I.R.P.F. e de expedición de facturas.

9.9. No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse –no lugar das facturas coas que se xustificaran ditas subvencións- certificación da Administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificadas, así como o período ao que se refiren os gastos.

9.10. Xustificación do pagamento dos gastos subvencionados:

- a) Deberán aportarse os seguintes documentos para acreditar o efectivo pagamento dos gastos xustificadas:
- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
  - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.





- No caso de pagos con tarxeta de crédito.- resgardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.
- b) Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente (e en ningún caso para gastos de monitorado) se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.
- c) Non se admitirán xustificantes de pagamento realizados por medio de Bizum ou aplicacións semellantes.

#### **10. Pago.**

10.1. Unha vez aceptada a subvención, efectuarase o pago anticipado do 100 por cento, reténdose o 40 por cento en concepto de garantía.

10.2. A garantía será liberada e aboada ao beneficiario no caso de xustificación da conta de conformidade.

#### **11. Incumprimento das condicións.**

11.1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros*.

11.2. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

11.3. En caso de que non fosen realizadas todas as actividades para as que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade concedida, que será proporcional á diminución do custe das actividades, tomando como base a previsión de gastos que se detallaban na solicitude.

11.4. En caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 50% do orzamento subvencionado non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, agás que dita circunstancia se deba á disolución da entidade ou calquera outra circunstancia de forza maior.

#### **12. Devolución a iniciativa do perceptor**

En caso de que o beneficiario desexe reintegrar o importe percibido sen mediar previo requirimento do Concello, deberá comunicalo por escrito presentado no Rexistro electrónico municipal; o Concello procederá a emitir unha liquidación que lle será notificada ao solicitante, coa cal poderá proceder ao pagamento.

#### **13. Protección de datos de carácter persoal**





A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a o consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Oleiros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha finalidade de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Oleiros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **14. Normativa reguladora.**

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros*; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

#### **15. Recursos**

Contra a Resolución que aprobe a presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante o órgano que a dite recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





**FORMULARIOS**

➤ **MODELO 1- ANPAs - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS E DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2025**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
Nome			
CIF		Teléfono/s	
Enderezo			
Localidade		Código postal	
Enderezo electrónico a efectos de notificacións			
Enlace a páxina web, facebook ou outras RRSS			

DATOS DO/DA PRESIDENTE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

DATOS DO/DA SECRETARIO			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

DATOS DO/DA REPRESENTANTE A EFECTOS DE TRAMITACIÓN DESTA SUBVENCIÓN (en caso de que fose designada unha persoa diferente á Presidencia)			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	
Relación coa Entidade			

DATOS BANCARIOS	
Entidade bancaria	
Nº de conta	

DATOS ECONÓMICOS DA SUBVENCIÓN		
Total do presuposto <b>de gastos</b> das actividades para as que se solicita subvención:		
Total da previsión <b>de ingresos propios</b> xerados polas actividades subvencionadas:		
Previsión de obtención doutras subvencións para a mesma finalidade		
Entidade concedente	Estado(concedida/denegada/pdte. de resolución)	Importe
<b>TOTAL SUBVENCIÓNS</b>		





Actividades para as que se solicita subvención:	
<b>CONTÍA SOLICITADA</b>	

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

1. Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que a entidade non está incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención previstas no artigo 13 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nin na causa de exclusión sinalada no artigo 3.3 destas bases.
2. Que a Entidade que represento se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Oleiros, e que autoriza a este Concello a solicitar de oficio as consultas necesarias á AEAT, Tesoureiría da Seguridade Social e Concello de Oleiros, a efectos da tramitación desta subvención.
3. Que a entidade por min representada sométese ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Oleiros poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
4. Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Oleiros do xeito establecido na convocatoria.
5. Que foi debidamente comprobado que todo o persoal que por conta da entidade imparte, realiza ou colabora nas actividades que figuran na solicitude de subvención que impliquen contacto habitual con menores cumpre o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
6. Que todos os datos contidos na presente solicitude son certos.

<b>Lugar e data</b>	
<b>Sinatura</b>	

***Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a da entidade***

**PROTECCIÓN DE DATOS:** O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en [dpd@oleiros.org](mailto:dpd@oleiros.org). Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, [www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.





**MODELO 2- ANPAs - CERTIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS E DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2025**

ENTIDADE	
CIF	

**DATOS DAS PERSOAS ASINANTES**

Cargo	SECRETARIO/A	PRESIDENTE/A
Nome e apelidos		
NIF		
Teléfono		

1. O/A Secretario/a da entidade CERTIFICA:

Que de acordo cos Estatutos da Entidade, a representación da mesma corresponde ao Presidente/a, D/Dª \_\_\_\_\_

2. **(No seu caso)** Que en data \_\_\_\_\_ foi designado/a como representante da entidade a efectos de tramitación desta subvención D/Dª \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

3. Que a entidade sinalada contaba a data 1 de xaneiro de 2025 con \_\_\_\_\_ socios.

4. Que a entidade leva funcionando ininterrompidamente dende o ano \_\_\_\_\_

O que se certifica a efectos de solicitar subvención ante o Concello de Oleiros, co visto e prace do/a Presidente/a da entidade

Lugar e data	
Sinatura do/a Secretario/a	Sinatura do/a Presidente/a Visto e prace,

**Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a e o/a secretario/a da entidade**

**PROTECCIÓN DE DATOS:** O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en [dpd@oleiros.org](mailto:dpd@oleiros.org). Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, [www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.





**MODELO 3- ANPAS- PROXECTO DE ACTIVIDADES**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS E DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2025**

<b>ENTIDADE</b>	
<b>CIF</b>	

<b>DATOS DO/DA PRESIDENTE/A DA ENTIDADE</b>			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

**1.-Proxecto de actividades**

<b>ACTIVIDADE</b>	
<input type="checkbox"/> Permanente (ao longo do curso) <input type="checkbox"/> Non permanente (actividades e eventos puntuais): <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Actividade aberta a todo o alumnado</li> <li><input type="checkbox"/> Actividade dirixida exclusivamente aos socios</li> </ul>	
Nº de participantes ( <i>se son actividades permanentes, facer constar a media mensual</i> )	
<u>Descrición:</u>	
<b>Temporalización</b>	
<b>Orzamento estimativo de gastos:</b>	
<b>Previsión de obtención doutras subvencións:</b>	
<b>Previsión de ingresos propios xerados pola actividades:</b>	
<b>Importe de subvención solicitada:</b>	

***Deberá copiarse o cadro anterior tantas veces sexa necesario, para cada unha das actividades.***





**OS DATOS QUE CONSTAN A CONTINUACIÓN SÓ DEBEN CUBRIRSE UNHA VEZ, CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE ACTIVIDADES SOLICITADAS.**

**2.- Gastos comúns de todas as actividades (seguros, asesorías, mantemento web, coordinación, etc):**

Gastos comúns as actividades	Importe	Importe que solicita
<b>Total</b>		

**3.-Calidade do Proxecto**

**Deberá explicarse cada un dos apartados a valorar en relación ao conxunto do proxecto**

Repercusión das actividades na comunidade:
Actividades innovadoras incluídas no proxecto ou que promovan a sostibilidade ambiental:
Actividades de promoción da cultura galega ou de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural de Galicia:
Actividades de integración do alumnado con diversidade funcional ou con necesidades educativas especiais:





Actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido:

4.- Acompáñase a seguinte documentación coa fin de acreditar o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación:

Enlace a páxina web ou redes sociais: \_\_\_\_\_

Outros medios: \_\_\_\_\_

Documentos acreditativos que se adxuntan \_\_\_\_\_

**Sinatura**

***Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a da entidade***

**PROTECCIÓN DE DATOS:** O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en [dpd@oleiros.org](mailto:dpd@oleiros.org). Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, [www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.





➤ MODELO 4.1.- ANPAs- XUSTIFICACIÓN-MEMORIA

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS E DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2025**

ENTIDADE	
CIF	

<b>DATOS DO/DA PRESIDENTE/A DA ENTIDADE</b>			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

**I. Memoria da actuación.**

<b>1. Enumeración e descrición das actividades realizadas</b>
<b>2. Temporalización</b>
<b>3. Participantes</b> <i>(debe facerse constar o nº de asistentes a cada unha das actividades subvencionadas. No caso de actividades permanentes, farase constar a media mensual de participantes).</i>
<b>4. Valoración final da execución de cada actividade</b>





**II. Declaración de cumprimento de fins**

Como representante da entidade **DECLARO:**

**1º.-** Que foron cumpridas as finalidades para as que se concedeu a subvención polo Concello de Oleiro, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2025, ás asociacións de nais e pais dos centros de ensino públicos e das escolas municipais para a realización de actividades, resultando acadados os obxectivos propostos.

**2º.-** Que as actividades que se detallan a continuación, subvencionadas polo Concello de Oleiros, foron realizadas na súa totalidade:

- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_
- ✓ \_\_\_\_\_

<b>Sinatura</b>

***Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a da entidade***

**PROTECCIÓN DE DATOS:** O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en [dpd@oleiros.org](mailto:dpd@oleiros.org). Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, [www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.





**MODELO 4.2- ANPAs- XUSTIFICACIÓN-CERTIFICACIÓN DE INGRESOS**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS AS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS E DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2025**

ENTIDADE	
CIF	

**DATOS DAS PERSOAS ASINANTES**

Cargo	TESOUREIRO/A	PRESIDENTE/A
Nome e apelidos		
NIF		
Teléfono		

Como responsable da función financeira ou de tesourería da entidade **DECLARO** que: (Marque unha das dúas opcións)

<input type="checkbox"/>	A entidade que represento <b>non obtivo outros ingresos</b> públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros
--------------------------	---

<input type="checkbox"/>	A entidade <b>obtivo os ingresos</b> que se inclúen a continuación para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros
--------------------------	--

**1.- SUBVENCÍONS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

Procedencia (administración que subvenciona)	Importe

**2.- INGRESOS XERADOS POLAS PROPIAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS**

Ingresos procedentes de tarifas aboadas polos participantes nas actividades	
Outros ingresos derivados da actividade	

<b>TOTAL INGRESOS AFECTADOS Á ACTIVIDADE SUBVENCIONADA (1 + 2)</b>	
--	--

Lugar e data		
Sinatura do/a Presidente/	Sinatura Tesoureiría	

Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a da entidade





**PROTECCIÓN DE DATOS:** O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en [dpd@oleiros.org](mailto:dpd@oleiros.org). Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, [www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.





➤ **MODELO 4.3.-ANPAs- XUSTIFICACIÓN- Certificación de gastos e acreditación de publicidade**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICOS E DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2025**

<b>ENTIDADE</b>	
<b>CIF</b>	

**DATOS DAS PERSOAS ASINANTES**

<b>Cargo</b>	<b>SECRETARIO/A</b>	<b>PRESIDENTE/A</b>
<b>Nome e apelidos</b>		
<b>NIF</b>		
<b>Teléfono</b>		

O/A Secretario/a, **CERTIFICA:**

**1º.** Que os gastos xustificativos da subvención concedida polo Concello de Oleiros no exercicio 2025 son os seguintes:

<b>Actividade 1:</b> _____				
<b>Nº</b>	<b>Provedor</b>	<b>Nº Factura</b>	<b>Importe</b>	<b>Xustificante de pago</b>
<b>Actividade 2:</b> _____				
<b>Nº</b>	<b>Provedor</b>	<b>Nº Factura</b>	<b>Importe</b>	<b>Xustificante de pago</b>
<b>Actividade 3:</b> _____				
<b>Nº</b>	<b>Provedor</b>	<b>Nº Factura</b>	<b>Importe</b>	<b>Xustificante de pago</b>
<b>Actividade 4:</b> _____				
<b>Nº</b>	<b>Provedor</b>	<b>Nº Factura</b>	<b>Importe</b>	<b>Xustificante de pago</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>				





***Xunto con esta relación de gastos deberán aportarse os correspondentes documentos xustificativos de gastos e pagamentos, ordeados do mesmo xeito que na relación precedente. Todos os documentos deberán ter data do ano 2025.***

**2º.-** Que a concesión polo Concello de Oleiros da presente subvención foi publicitada do seguinte xeito:

Publicación do anuncio na páxina web da entidade : _____ (copiar URL ou enderezo web)
Outros medios:

<b>Lugar e data</b>	
<b>Sinatura do/a Secretario/a</b>	<b>Sinatura do/a Presidente/a</b> <b>Visto e prace,</b>

***Este documento deberá ser asinado electrónicamente polo/a Presidente/a e o/a secretario/a da entidade***

**PROTECCIÓN DE DATOS:** O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en [dpd@oleiros.org](mailto:dpd@oleiros.org). Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, [www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.

